



ASUNTO: Contrato maior de servizos para subministración e servizos de instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración durante as campañas do Nadal (**Expte 5481/106**)

Informe dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor.

Antecedentes:

A Mesa de Contratación dos pasados días 31/08/2018 e 07/09/2018 realizou a apertura de documentación administrativa (sobre A) e oferta técnica (sobre B) das ofertas presentadas á licitación do expediente referenciado: **Entertainment And Leisure Technology SL, CIF B70468822 e Iluminaciones Ximénez S.A e La Fiesta Escénica SL** sendo admitidas soméntes as dúas primeiras, e remitido o expediente ao servizo de Comercio para informe de valoración da proposta técnica sobre o criterio de xuízo de valor.

INFORME

Analizada a documentación presentada procédese a informar, asistido tecnicamente polo xefe da área de Servizos Xerais conforme a Instrucción de Servizo de data 09/01/2018, dos seguintes aspectos contidos no único criterio: **Procesos operativos da instalación, iluminación, mantemento e ambientación musical do sets: valórase ata un máximo de 45 puntos por lote**

LOTE N.º 1: composto por 9 sets de actuación identificados no proxecto decorativo:

N.º SET	REFERENCIA	UD
1	Caseta do Papa Noel de madeira con torreón, coroa de flores e mobiliario interior	1
2	Bonecos cantores de panxoliñas con director de orquesa	1
3	Poboado de Nadal	1
4	Medianas vexetais con bonecos de neve	1
5	Farol xigante con escena interior	1
6	Camelo real	1
7	Libro xigante con escena do Nadal	1
8	Tren con letras do Nadal	1
9	Ambientación do Nadal Praza da Constitución	1

Subcriterios:

a- Procesos operativos da instalación, na que valórase a capacidade de organización dos traballos e o coñecemento dos condicionantes particulares expostos na memoria descritiva e gráfica das operacións propostas para a instalación dos elementos indicados, identificando os medios adscritos e un cronograma de execución coherente, completo e pormenorizado da organización dos traballos e actividades necesarias para a instalación dos elementos expositivos. Valórase con ata 13 puntos.

Entertainment And Leisure Technology SL

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 1 de 1





Presenta memoria descriptiva e gráfica suficientemente detallada dos elementos vexetais e non vexetais dos diferentes sets que van ser instalados. Incorpora un cronograma cos prazos de execución conformes ao proxecto, con data de inicio (a partires do día 12/11/2018) e remate para cada un deles (antes do 16/11/2018), indicando os medios materiais a empregar e as distintas operacións a levar a cabo durante a montaxe (balizamento, montaxe estrutura, encofrado, nivelación, instalación elementos vexetais, instalación eléctrica, instalación de complementos, etc) e desmontaxe da instalación (do 07 ao 11 de xaneiro); período de probas (entre o 19 e 23 de novembro) e período de posta en servicio (do 24 de novembro ao 7 de xaneiro). Nomea un enxeñeiro colexiado como responsable do plan preventivo, director da montaxe e coordinador de seguridade da instalación.

Non indica número nin perfil profesional do persoal para a montaxe, garda e desmontaxe.

Non indica vehículos asignados á instalación.

Outorgaselle a valoración de **8 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Presenta memoria descriptiva suficientemente detallada dos elementos dos diferentes sets que van ser instalados. Incorpora un cronograma con data de inicio e remate para cada un deles, indicando as distintas operacións a levar a cabo durante a montaxe a partires do 12/11/2018 (balizamento, montaxe estrutura, encofrado, nivelación, instalación elementos vexetais, instalación eléctrica, instalación de complementos, etc) e desmontaxe da instalación (do 10 ao 11 de xaneiro); período de probas (entre o 19 e 23 de novembro) e período de posta en servicio (do 24 de novembro ao 7 de xaneiro).

Relaciona o número e perfil profesional do personal asignado suficiente para as tarefas de montaxe, guardia e desmontaxe, convenientemente uniformado cos anagramas da empresa e ca lenda "Concello de Vigo, Decoración de Nadal".

Indica un número mínimo de 4 vehículos a utilizar, rotulados co anagrama de "Concello de Vigo, Decoración de Nadal".

Durante a montaxe e desmontaxe das instalacións disporase dun servicio telefónico de contacto 24 horas para comunicación empresa-cliente, así como un teléfono de garda 24 horas para a resolución de incidencias e mantemento.

Outorgaselle a valoración de **10 puntos**.

b.- Proposta detallada da iluminación dos elementos decorativos. Valórase a iluminación estática como dinámica dos elementos decorativos, tecnoloxía e características técnicas da instalación eléctrica (sección de condutores, proteccións, cadro de mando, potencia, tecnoloxía etc). Valórase con ata 10 puntos

Entertainment And Leisure Technology SL

Propón a iluminación mediante LED de12V, alimentados mediante conexión á rede eléctrica ou batería cando non sexa posible a conexión á rede xeral, dotados de dispositivo automático de acceso e apagado segundo o horario establecido.

Achega anexo con información gráfica da distribución da iluminación, con datos individualizados da





potencia instalada e consumo de enerxía previsto.

Outorgaselle a valoración de **8 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Propón a iluminación mediante LED de 12V, alimentados mediante conexión á rede eléctrica ou batería cando non sexa posible a conexión á rede xeral, dotados de dispositivo automático de acceso e apagado segundo o horario establecido.

Describe brevemente as características da iluminación dos elementos por sets e potencia instalada en cada un deles.

Outorgaselle a valoración de **5 puntos**.

c.- Proposta detallada de ambientación de carácter musical e animación, na cal deberán detallar os equipos de audio a instalar (potencia, tecnoloxía de son, alimentación eléctrica, protección) e características da música acordo coa temática do Nadal. Valorarase con ata 9 puntos.

Entertainment And Leisure Technology SL

Propón equipo de son e altosfalantes exteriores sin identificar marca, de características de frecuencia de 45HZ-20Khz e potencia de 100W, para instalar nos sets n.º 1, 2 e 8, activados mediante dispositivo detector de presenza que activa temporalmente a emisión de frases e pezas musicais, alimentados mediante conexión a rede eléctrica ou batería cando non sexa posible conectar á rede xeral.

Complementos de animación: efecto neve no conxunto dos sets do n.º 1 ao 8, en plástico 100% biodegradable, ignífuga, clase B1 baixo contido en po, antiestático e facil de limpiar.

Outorgaselle a valoración de **7 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Equipo de son de reprodución automática de frases e villancicos de nadal, con altosfalantes sin identificar marca e de características mínimas de frecuencia de 45Hz-20 KHz e potencia RMS 100W, para os sets 1º e 2º.

Complementos de animación: efecto neve en todo o conxunto dos sets n.º do 1 ao 8, sin describir características.

Outorgaselle a valoración de **4 puntos**.

d.- Proposta dos procesos de mantemento, valorado sobre a memoria descriptiva e gráfica do plan de mantemento, que deberá corresponderse cun plan específico para as instalacións obxecto deste contrato e debora desenvolver as actuacións de mantemento preventivo e correctivo, con definición de fichas de traballo, periodicidade e criterios de seguimento e avaliación. Valórase con ata 13 puntos.

Entertainment And Leisure Technology SL

Aporta memoria descriptiva do plan de mantemento, cunha brigada de garda durante todo o tempo da





exposición (45 días) de 8 a 20 h; brigada de garda 24 horas os seis días (24, 25, 31 de decembro e 1, 5 e 6 de xaneiro).

Mantemento preventivo continuo propón dúas rondas de comprobación mediante unha brigada diaria diurna e nocturna os 45 días.

Mantemento preventivo continuo programado que controlará os elementos decorativos mediante unha brigada que realizará as tarefas de revisión e substitución dos elementos dañados, limpeza e mantemento, comprobación do estado dos elementos e da estrutura soporte e repintado durante os 45 días.

Non indica a composición e perfil profesional das brigadas nin os medios de transporte.

Estabrece como base de operacións unha nave industrial situada no Póligono do Salnés-Cambados, a menos dunha hora do Concello de Vigo, cun stock de seguridade e neve industrial.

Outorgaselle a valoración de **9 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Aporta memoria descriptiva do mantemento preventivo programado cun cadro de frecuencias e brigada composta por un oficial e un axudante, con camión cesta, e ferramentas necesarias para atender as averías. Línea de teléfono móbil 24 horas para incidencias.

No plan de mantemento se inclúen as tarefas de revisión, supervisión e reparación das averías.

Plan e mantemento preventivo continuo e preventivo programado, detallando as tarefas diarias a realizar sobre as instalacións,

Mantemento correctivo: describen as tarefas de reparación e substitución dos equipos.

Persoal asignado a cada brigada: un xefe de equipo, un oficial de 2ª electricista e un peón

Vehículos: un camión con cesta elevadora .

Non indica base de operacións, nin indica dispoñibilidade do stock de seguridade mínimo exisíble.

Outorgaselle a valoración de **7 puntos**.

Resume valoración criterios Xuízo Valor de:

LOTE N.º 1.-

CRITERIOS DE XUIZO DE VALOR	PUNTOS	ELT	I. Ximenez
1.- Proposta dos procesos operativos	13,0	8,00	10,00
2.- Proposta de iluminación	10,0	8,00	5,00
3.- Proposta da ambientación musical e animación	9,0	7,00	4,00
4.- Proposta dos procesos de mantemento	13,0	9,00	7,00



COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



TOTAL	45,0	32,00	26,00
-------	------	-------	-------

LOTE N.º.- 2

N.º SET	REFERENCIA	UD
1	Boneco de neve con iluminación pixel led RGB programable	1
2	Caixa de agasallo xigante con iluminación pixel led programable	1

Subcriterios:

a- Procesos operativos da instalación, na que valórase a capacidade de organización dos traballos e o coñecemento dos condicionantes particulares expostos na memoria descritiva e gráfica das operacións propostas para a instalación dos elementos indicados, identificando os condicionantes para o desenvolvemento da instalación, os medios adscritos e un cronograma de execución, coherente, completo e pormenorizado da organización dos traballos e actividades necesarias para a instalación dos elementos expositivos. Valórase con ata 13 puntos.

Entertainment And Leisure Technology SL.

Presenta memoria descriptiva e gráfica suficientemente detallada dos elementos dos sets que van ser instalados. Plan de obra para cada set. Incorpora un cronograma de montaxe (do 12 ao 18 de novembro), período de probas (do 19 ao 22 de novembro), posta en servizo (22 de novembro ao 7 de xaneiro); desmontaxe (do 7 ao 11 de xaneiro).

Non presenta cadro de personal, nin medios materiais.

Outorgaselle a valoración de **5 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Presenta memoria descriptiva suficientemente detallada dos elementos dos dous sets que van ser instalados. Plan de obra e instalación (do 1 ao 16 de novembro), incorpora un cronograma de montaxe (do 05 de setembro ao 15 de xaneiro), período de probas (do 18 ao 22 de novembro), posta en servizo (23 de novembro ao 6 de xaneiro); desmontaxe (do 7 ao 15 de xaneiro).

Cadro de personal de montaxe: 18 personas (dous un enxeñeiros, un encargado de obra, dous xefes de equipo, dous oficiais de 2ª electricista, un oficial de 3ª electricista, dous peóns, dous choferes grua, tres conductores de camiión, dous oficiais mecánicos soldadores e un técnico de son)

Cadro de persoal de servizo de garda: un enxeñeiro técnico industrial, un encargado de obra, dous xefes de equipo, dous oficiais de 2ª electricista, un peón, e un técnico de son.

Cadro de personal de desmontaxe: 18 personas (dous un enxeñeiros, un encargado de obra, dous xefes de equipo, dous oficiais de 2ª electricista, un oficial de 3ª electricista, dous peóns, dous choferes grua, tres conductores de camiión, dous oficiais mecánicos soldadores e un técnico de son).





Flota de vehículos: 16 unidades de transporte co material técnico, instrumentos de medida e protección.

Describe os condicionantes particulares para a execución da instalación na cidade e aporta aplicación informática PROGEM que permite conocer o estado da obra executada mediante a dotación a cada equipo de traballo dunha PDA con GPS e modelo de parte de traballo.

Outorgaselle a valoración de **10 puntos**.

b.- Proposta detallada da iluminación dos elementos decorativos. Valórase a iluminación estática como dinámica dos elementos decorativos, tecnoloxía e características técnicas da instalación eléctrica (sección de condutores, proteccións, cadro de mando, potencia, tecnoloxía etc). Valórase con ata 10 puntos

Entertainment And Leisure Technology SL

Iluminación mediante LED RGB programable IP65 e IP 44, 24 V dinámica, con potencia 6.800W para o set nº1 e 12.800 W para o set n.º 2.

Non detalla o sistema de iluminación nin a cantidade de puntos de luz

Outorgaselle a valoración de **4 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Propón iluminación con LED RGB programable e dinámica, con potencia de 7.00W e 70.000 puntos de luz para o set n.º 1; potencia de 15.000 W e 150.000 puntos de luz para o set 2.

Describe características técnicas detalladas para iluminación dos sets; instalación de fontes de alimentación, controladores maestros e subcontroladores conxionados simultaneamente para cambio de cor e xogo de secuencias cas correspondentes proteccións magnetotérmicas, diferenciais, procesadores e software específicos de programación electrónica.

Outorgaselle a valoración de **9 puntos**.

c.- Proposta detallada de ambientación de carácter musical e animación, na cal deberán detallar os equipos de audio a instalar (potencia, tecnoloxía de son, alimentación eléctrica, proteccións) e características da música acordo coa temática do Nadal. Valorarásese con ata 9 puntos."

Entertainment And Leisure Technology SL

Non aporta información nin documentación relativa a este apartado.

Outorgaselle a valoración de **0 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Incorpora un equipo de son sin marca, con catro caixas acústicas amplificadas de 600W cada unha, mesa de mezclas Yamaha de 8 canales con conexión USB, 4 tomas eléctricas con 16 amperios, instalación e cableado completo e posta en servizo.

Metodo de animación para a bufanda do boneco (set nº1) e na caixa (set n.º 2) mediante protocolo DVI





(software específico de programación electrónico) que permite xunto ca instalación de fontes de alimentación, controladores mestros e subcontroladores conectados simultaneamente entre si, cas correspondentes proteccións, diferencias e procesadores para controlar os 150.000 píxeles LED RGB con proxecto animado distinto para cada anualidade do contrato.

Aporta tres vídeos cas animacións previstas para os dous sets, con secuencias de cambio de imaxe e cor. Ofrece posibilidade de crear os efectos que o Concello determine en función da necesidade en cada momento e propón unha secuencia de 11 minutos para cada set.

Outorgaselle a valoración de **8 puntos**.

d.- Proposta dos procesos de mantemento, valorado sobre a memoria descriptiva e gráfica do plan de mantemento, que deberá corresponderse cun plan específico para as instalacións obxecto deste contrato e debera desenvolver as actuacións de mantemento preventivo e correctivo, con definición de fichas de traballo, periodicidade e criterios de seguimento e avaliación. **Valórase con ata 13 puntos.**"

Entertainment And Leisure Technology SL

Aporta memoria descriptiva do plan de mantemento, cunha brigada de garda durante todo o tempo da exposición (45 días) de 8 a 20 h; brigada de garda 24 horas os seis días (24, 25, 31 de decembro e 1, 5 e 6 de xaneiro). No mantemento preventivo continuo propón dúas rondas de comprobación mediante unha brigada diaria diurna e nocturna os 45 días. Un mantemento preventivo continuo programado que controlará os elementos decorativos mediante unha brigada que realizará as tarefas de revisión e substitución dos elementos dañados, limpeza e mantemento, comprobación do estado dos elementos e da estrutura soporte e repintado durante os 45 días.

Non indica a composición e perfil profesional das brigadas nin os medios de transporte.

Estabrece como base de operacións unha nave industrial situada no Póligono do Salnés-Cambados, a menos dunha hora do Concello de Vigo, cun stock de seguridade.

Outorgaselle a valoración de **9 puntos**.

Iluminaciones Ximénez S.A

Aporta memoria descriptiva do mantemento preventivo e correctivo cun equipo de traballo de 8 persoas, composto por un enxeñeiro técnico, un encargado de obra, dous xefes de equipo oficiais de 1ª, dous oficiais de 2ª electricistas, un operario peón e un técnico de son; cunha experiencia mínima de 5 anos.

Mantemento preventivo continuo cunha frecuencia diaria cada 24 horas, describindo suficientemente as tarefas a desenvolver sobre os diversos elementos, compoñentes e liñaeas de suministro eléctrico.

Mantemento correctivo: adicado ao conxunto de acción ou intervencións necesarias para a resolución das incidencias/averías nos equipos e/ou instalacións, mediante un equipo dispoñible 24 horas, teléfono de contacto e control mediante o sistema informático PROGEM, que permite coñecer de inmediato os traballos que están realizando, problemas detectados, ritmo e coste detallado de cada obra. Cada equipo de traballo leva consigo unha PDA con GPS conectada co departamento loxístico da empresa.

Plan específico para o acendido e apagado da instalacións deste lote, composto por unha brigada (un





oficial, un axudante, un técnico de son, con camión cesta, vehículo lixeiro e ferramentas necesarias para atender as incidencias, describindo as funcións e tarefas a desenvolver. Liña de teléfono con resposta no prazo máximo de 45 minutos para incidencias.

Plan de actuación para situacións de emerxencia: ca disposición de personal suficiente (a parte do servizo de mantemento), ca cualificación e experiencia necesaria, medios mecánicos, vehículos grúa, cadros e transformadores eléctricos, e motivos luminosos de resposta localizados nas instalacións de Madrid, Burgos, A Coruña e Puente Genil, así como un retén de garda para a organizar o material necesario cun prazo non superior a 8 horas.

Personal asignado ao servizo de mantemento: correctamente uniformados cos elementos reflectantes cos anagramas da empresa e do Concello de Vigo e equipos de protección.

Non indica o lugar da base de operacións, nin indica dispoñibilidade do stock de seguridade mínimo exisíble.

Outorgaselle a valoración de **11 puntos**.

LOTE N.º 2.-

CRITERIOS DE XUIZO DE VALOR	PUNTOS	ELT SL	I. XIMENEZ
1.- Proposta dos procesos operativos	13,0	5,00	10,00
2.- Proposta de iluminación	10,0	4,00	9,00
3.- Proposta da ambientación musical e animación	9,0	0,00	8,00
4.- Proposta dos procesos de mantemento	13,0	9,00	11,00
TOTAL	45,0	18,00	38,00

En Vigo, na data da sinaturas dixitais indicadas,

O xefe da Área de Servizos Xerais, Alvaro Crespo Casal.

O xefe do servizo de Comercio, José A. Hermida Fernández.

